



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

CIRCULAR 23 - 2024

XIII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE LANZAMENTOS LONGOS ABSOLUTO E SUB 23

- *A todas as Delegacións da FGA*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o XIII Campionato Xunta de Galicia de Lanzamentos Longos Absoluto e Sub 23, a celebrar o 3 de febreiro nas pistas de Estadio Gregorio Pérez Rivera (Lugo).

Art.2).- Poderán participar atletas con licenza en vigor pola FGA.

- Poderán participar, en cada especialidade, os/as 12 atletas inscritos/as con mellor marca durante as tempadas 2023 e 2024.
- En categoría Sub 23 poderán participar un mínimo de 3 atletas con marca acreditada durante as tempadas 2023 e 2024.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do luns 29 de xaneiro.

Art.4).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 1h antes do comezo da súa proba, agás na proba de xavelina, para a que pechará 1h30' antes do seu inicio.

Art.5).- Cámara de chamadas

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto, e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Art.6).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.7).- Pasarán á mellora as 8 mellores marcas, independentemente da súa categoría.



Art.8).- Horario

APERTURA CÁMARA CHAMADAS	SAÍDA A PISTA	HORA DA PROBA	PROBA
9:55	10:05	10:30	Martelo Mulleres
11:15	11:25	11:50	Martelo Homes
12:45	12:55	13:20	Xavelina Mulleres
14:55	15:05	15:30	Xavelina Homes
16:20	16:30	16:55	Disco Mulleres
17:45	17:55	18:20	Disco Homes

Art.9).- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as a nivel absoluto e da categoría Sub 23 recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.10).- Un atleta pode ser excluído de participar en tódalas probas posteriores da competición, no seguinte caso:

- Estando admitido para unha proba e, non comunicada a súa baixa antes das 48 horas previas ó inicio do campionato, non tome parte da mesma.

Art.11).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada unha sanción de 5€ por atleta, salvo causa xustificada e comunicada por escrito antes do inicio da competición á FGA a través do correo direcciontecnica@atletismo.gal
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.12).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 17 de xaneiro de 2024

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo